

## O noso compromiso polo diálogo ante a actual situación en Cataluña



O Movemento dos Focolares, que ten entre os seus fins construí-la fraternidade universal, atopa no diálogo un potente instrumento que fai posible interesarse polo outro, entrar na realidade que vive, coñecela, acollela e, na medida do posible, comprendela.

Entre os nosos membros hai parsoas de distinta identidade cultural e de moi variado signo político que, polo tanto, manifestan sensibilidades moi distintas e sofren pola falta de entendemento nestes delicados intreos da nosa historia. Consideramos a pluralidade coma un desafío positivo e unha grande riqueza. E comprometémonos en primeira persoa a tender pontes nas actuais circunstancias e sempre, convencidos de que na visión e opción do outro, hai parte de verdade.

Son moitas as iniciativas que se están a por en marcha solicitando diálogo, especialmente na clase política. Sumámonos a elas, xa que as consideramos síntoma dunha sociedade democrática e madura que aposta pola reconciliación.

Ó mesmo tempo, propoñemos:

1. unha [recollida de firmas](#) urxindo a todos ó diálogo: políticos, medios de comunicación e cidadáns, co fin de atopar unha solución que promova a serea convivencia na diversidade, o respecto e máis o recoñecemento da dignidade de tódalas persoas e institucións cas representan.
2. unha campaña de sensibilización e compromiso nas redes sociais, baixo a etiqueta [#SonDiálogo](#) invitando a ser promotor activo de escoita, respecto, diálogo e accións pacíficas.

*Consello do Movemento dos Focolares en España*

24 de setembro de 2017